



FORO XUVENTUDE EN MOVEMENTO

#xenmovemento15

Ponte on!

Inscripción previa en: xuventudeenmovemento.eu

28 OUTUBRO 2015

09.45 h: Benvida

Hall da Facultade de Economía e Empresa

Xosé Luís Armesto, reitor da Universidade da Coruña
Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña
María José Martínez, vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deporte
Anxo Calvo Silvosa, decano da Facultade de Economía e Empresa
Amparo Taboada Gil, directora de Europe Direct A Coruña

Bloque #1

Contactar coa Unión Europea, sabes a quen dirixirte?

10.00 - 11.00 h: Ferramentas e oportunidades de mobilidade laboral

Sesión informativa

Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa

Bolsas en empresas e institucións europeas
Victoria Domínguez, Fundación Galicia Europa
EURES: rede europea para as oportunidades de mobilidade laboral en Europa,
Covadonga López, Conselleira EURES do Servizo Público de Emprego de Galicia

11.00 - 12.00 h: O recoñecemento da titulación nos contextos de mobilidade

Sesión informativa

Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa

Rosa María Molina Martínez-Risco, Rede NARIC España - Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións

Resumo: O recoñecemento da titulación é un dos trámites máis importantes a realizar nos contextos de mobilidade, sexa por motivos de estudos ou de exercicio profesional. A rede ENIC-NARIC ten como obxectivo fundamental
Organiza:





ofrecer unha información o máis completa posíbel, tanto aos individuos coma ás institucións, en relación coas opcións de recoñecemento, os procedementos aplicabeis e a normativa que os regula.

12.15 - 14.15 h: Documentos Europass

Obradoiro

Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa

M^a Goretti Alonso de Castro, Directora

Aurora Lázaro Nonay, Asesor Técnico Docente

Centro Nacional Europass España, Servizo Español Para a Internacionalización da Educación (SEPIE)

Resumo: O obradoiro está centrado nos documentos que compoñen o informe Europass (o CV, o Pasaporte Europeo das Linguas, o Documento de Mobilidade e os Suplementos) e na utilidade destes. Proporciona información sobre o que son, para quen están pensados e que obxectivos pretende cumprir cada un.

Bloque #2

A busca de emprego offline

16.30-17.30 h: Personal Branding: A imaxe persoal para conseguir traballo

Obradoiro

Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa

Juli Molares (profesional do Renacemento 2.0: publicista, comunicadora, personal brander e artista)

Resumo: Nun mundo que avanza cada vez máis rápido, a primeira impresión é esencial en calquera tipo de relación profesional. Hai que ter en conta que o que dicimos representa un 10% da mensaxe que recibe o interlocutor, o 90% restante... é imaxe!

Ensínannos a negociar, facer presentacións eficaces, etc. pero non nos ensinan a sacar o máximo partido da nosa imaxe, potenciando os puntos fortes e minimizando os débiles.

Organiza:





É necesario considerarse como marca, marca que debes construír, promocionar e comunicar. A imaxe no é unha frivolidade social, cada persoa comunica, gústelle ou non e depende dun mesmo sacarlle o máximo partido.

17.30-19.30 h: A entrevista de traballo. Pensa xa cara ao emprego

Obradoiro

Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa

INPREGA (Sociedade Cooperativa Galega)

Resumo: Este obradoiro permitiranos coñecer as técnicas de selección (entrevistas de selección, dinámicas grupais, probas psicotécnicas,...). Nun contexto eminentemente práctico, cada participante será suxeito activo e participativo nas dinámicas dirixidas a coñecer e pór en práctica as técnicas de selección máis utilizadas.

29 OUTUBRO 2015

Bloque #3

Movendo Fronteiras

10.00 - 11.30 h: Saídas profesionais no mundo da Cooperación

Obradoiro

Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa

Helena Capera Cullell (responsable de comunicación da Coordinadora Galega de ONGD)

En colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado, UDC

Resumo: Obradoiro dirixido a dar a coñecer as posibilidades de empregabilidade que ofrece o campo da cooperación ao desenvolvemento dende unha visión global, facendo fincapé nos perfís máis buscados (cooperantes expatriados, traballo en organismos internacionais, ONGD, consultoría, acción humanitaria, etc.).

12.00 - 13.00h: “E se caio, levántome”

Conferencia

Salón de actos da Facultade de Economía e Empresa

Organiza:





Bloque #4

Emprendendo con xeito

Modera: Isidoro Valerio

16.30 - 17.00 h: Axudas e contactos para que a túa PEME sexa europea

Sesión informativa

Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa

José Manuel Maceira Blanco, Enterprise Europe Network, Confederación de Empresarios de Galicia

Resumo: As empresas europeas actúan nun mercado único cada vez máis amplo e competitivo. Para poder avanzar neste esixente ámbito, unha das estratexias máis axeitadas supón traspasar as fronteiras nacionais e abordar a internacionalización da actividade empresarial. Enterprise Europe Network axudarache a busca de socios comerciais, tecnolóxicos, financeiros ou de produción noutros países europeos e tamén axudarache a atopar axudas a través de programas europeos para o fomento da cooperación internacional entre empresas.

17.00 - 18.30 h: Boas prácticas: “Eu o fixen con moito xeito!”

Mesa de experiencias

Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa

Relatores:

Editorial PrimeraPersona, Yéssica Herranz

Premio YUZZ, Alfonso Varela Giménez

Gestión Editorial BelloyMartínez, María Martínez

VídeoDronGalicia, Alberto Rodríguez Hermida

Recorda que:

A asistencia e participación nas actividades do Foro Xuventude en Movemento enmarcarase no plano de formación do estudiantado para a mellora da empregabilidade e darán lugar ao recoñecemento de 1,5 créditos para os Títulos de Grao, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- estar debidamente inscrito/a nas actividades e
- asistir a un mínimo de 3 bloques completos do programa

Os demais participantes obterán un certificado de asistencia sempre que cumpran as mesmas condicións indicadas.

Organiza:



Deputación
DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA